

Coa intención de aclarar as dúbidas xurdidas trala adxudicación do programa CONECTA PEMES, a Axencia Galega de Innovación considera preciso realizar as seguintes observacións:

- O artigo 25 da resolución pola que se convoca este programa de axudas establece que a subvención deberá ser aceptada por cada beneficiario no prazo de 10 días dende a publicación da concesión. Transcorrido este prazo sen manifestación de aceptación ou renuncia entenderase aceptada.

Tendo en conta as datas tan axustadas nas que se resolveu esta convocatoria, e co fin de axilizar a xestión, nas comunicación persoais realizadas aos beneficiarios establecíase o prazo de cinco días para presentar a aceptación ou renuncia. Non obstante, o prazo que prevalece en todo caso é o establecido na convocatoria, polo que os beneficiarios terían ata o mesmo día 31 de decembro para manifestar a súa vontade de aceptar ou renunciar á subvención concedida. Dentro deste prazo os beneficiarios poden reconsiderar a súa posición e presentar ata o 31 de decembro a aceptación ou renuncia. A Axencia Galega de Innovación terá en conta o derradeiro documento presentado por rexistro.

- Tal e como se establece na comunicación persoal a cada beneficiario e na Resolución do 18 de decembro de 2013 pola que se conceden as subvencións do programa CONECTA PEMES, para os efectos de facilitar a xestión do orzamento adxudicado, poderase solicitar unha redistribución das anualidades concedidas. Esta redistribución deberá ser no sentido de diminuír a anualidade 2013 ata un máximo do 25% do custo concedido para esta anualidade, aumentando proporcionalmente o resto das anualidades orzamentadas.

- Ante as dúbidas de interpretación do artigo 30.4 sobre o reintegro parcial, cómpre aclarar que este artigo refírese aos supostos de percepción de anticipos. No caso de pagos anticipados, se non se acadara a lo menos a xustificación do 70% do custo concedido para a anualidade anticipada procederá o reintegro parcial do anticipo percibido. É dicir, o reintegro só pode facer referencia a un pago percibido, e non existindo pago, non procede realizar reintegro.

De acordo co anterior, para esta anualidade 2013, non realizándose pagos anticipados non procede a aplicación deste precepto que só terá virtualidade no momento de tramitación dos pagos anticipados para aqueles beneficiarios e respecto a anualidade que así o soliciten.

- A concesión da subvención realizouse en cantidades totais por anualidades e en cantidades globais por conceptos subvencionables.

Respecto das cuantías de anualidades, como xa aclaramos anteriormente, poderase solicitar redistribución do orzamento do 2013 co trasbase ao 2014 de ata o 25 % do custo concedido para a anualidade 2013.

En relación cos conceptos subvencionables, en principio debe respetarse o plan de traballo presentado na solicitude, amoldando a xustificación económica ás actividades realizadas no proxecto dentro de cada anualidade.

Non obstante, e coa mesma finalidade de flexibilizar e posibilitar, dentro dos límites permitidos, a execución dos proxectos e as xustificacións económicas nos limitados prazos actuais, poderanse axustar os gastos realizados ao global das partidas concedidas sempre que se xustifique claramente na memoria técnica do proxecto que se presente coa correspondente xustificación da anualidade 2013. Exemplo: poderase imputar o coste de material que en principio estaba previsto para a anualidade 2014, sempre que se xustifique adecuadamente na memoria técnica esta adquisición.

En ningún caso poderase imputar na anualidade 2013, gastos relativos a persoal non incluído no equipo de investigación establecido na solicitude. Este equipo unicamente se poderá modificar mediante a correspondente solicitude realizada cun mes de antelación ao prazo de xustificación das seguintes anualidades.

Para as seguintes anualidades deberá presentarse calquera tipo de cambio cun mes de antelación ao fin do prazo de xustificación tal e como establece a convocatoria.

En calquera caso, sempre será IMPRESCINDIBLE que a xustificación económica se documente de acordo co establecido na convocatoria e se refira a gastos e pagos realizados dende a presentación da solicitude e ata o 31 de decembro de 2013 e, por suposto, respecto de adquisicións, actividades ou calquera outra partida efectivamente realizada.